

*A*quí tedes un feixe de poemas a través dos que podemos coñece-lo cerne dun poeta, agochado, humilde, calado. Son desafoxos do seu sentir humano. Son poemas para inmortalizar a dous grandes vates xa desaparecidos, os recordados Tomás Barros, «na lembranza» e «in memoriam», á memoria de Antón Avilés de Taramancos, «homes bos e xenerosos» que deixaron as súas pegadas indelebles nos seus poemas inmorrentes. «Non omnis moriar», –non morrerei de todo–, dixo o clásico poeta latino, Horacio.

A bonhomía do autor, deste médico-poeta-pintor, Xosé M. Cairo Antelo queda reflictida, pois, nestas dúas dedicatorias ós devanditos poetas xa no alén. ¿Quen se lembra deles nesta Galicia infinda?

X. M. Cairo podía dedicarlle este florilexio Impreciso Xermolar dos Renovos a un mecenas..., ós seus fillos, ós seus pais, ós seus amores.

Os poetas ó seu xeito cren no alén. «Antón foise sen deixarnos» é o paradoxo con que se inicia este fermoso ramallete. Antón e Tomás Barros agradeceránlle o detalle con «graciñas, Cairo amigo, por esta sinxela homenaxe». Se honrar honra, o poeta Cairo Antelo queda inmortalizado.

PLÁCIDO LIZANCOS SANTOS